

CONVOCATORIA DE MOBILIDADES PARA PROFESORADO CURSO 2024-25

Anúnciase a apertura de convocatoria para a solicitude de mobilidades Erasmus+ nas seguintes modalidades:

MODALIDADE I - Proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-000113900 (Proxecto propio da EASD Ramón Falcón financiado polo SEPIE)

O prazo para solicitar estas mobilidades estará **ABERTO** durante todo o curso ata un mes antes da finalización do mesmo

·As mobilidades de persoal para este proxecto se poderán disfrutar ata finais do presente curso 2024-25

·Os destinos das mobilidades deberán ter relación cos estudos impartidos na EASD Ramón Falcón e, especificamente, coa/s especialidade/s docentes do profesorado solicitante.

·O obxectivo da mobilidade será entrar en contacto con institucións académicas/empresas ou similares co obxecto de asinar convenios interinstitucionais de colaboración para mobilidades de estudantes para prácticas ou estudos.

·Para o curso 2024-25 ofértanse un total de **cinco (5) prazas** para mobilidades de profesorado.

Requisitos para participar e selección de participantes:

Poderán participar neste programa os docentes que reúnan os seguintes requisitos:

- a) - Ter nacionalidade ou autorización de residencia válida nun dos países participantes no programa Erasmus+.
- b)- Estar destinado na EASD-RF Lugo, no momento da solicitude e no momento da realización da mobilidade, e impartir docencia nos Ciclos Formativos de Artes Plásticas e Deseño ou en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño.
- c)- Xustificar que ten o nivel necesario da lingua utilizada na Institución de destino (maiormente a lingua utilizado é a inglesa).

3. - SELECCIÓN DE PARTICIPANTES:

O Tribunal de selección de participantes para as mobilidades estará formado por un membro do Equipo Directivo, a Coordinadora de Programas Internacionais e un profesor da EASDRF.

O resultado da selección será comunicado persoalmente por correo electrónico a cada un dos participantes e publicado, o mesmo que a presente convocatoria, na páxina web da Escola.

Criterios de selección:

a)Antigüidade no corpo:

- Funcionario de carreira corpo AAPPD con máis de 10 anos de servizo:_____	5 puntos
- Funcionario de carreira AAPPD con menos de 10 anos de servizo:_____	4 puntos
- Profesorado interino AAPPD con destino no centro:_____	3 puntos
- Profesorado substituto AAPPD con destino no centro:_____	2 puntos
- Profesorado pertencente a outros corpos:_____	1 punto

b)Certificación de coñecemento de linguas estranxeiras:

I. Lingua principal alegada:	
- Nivel B1:_____	1 punto.
- Nivel B2:_____	2 puntos.
- Nivel C1 o superior:_____	3 puntos.
II. Outras certificacións de coñecemento de linguas	
- Por cada outra certificación oficial alegada (a partir do nivel B1):_____	1 punto

c) Relevancia da mobilidade para a EASD Ramón Falcón:

I. MOBILIDADES DE PROFESORADO PARA DOCENCIA:	
- Correspondencia entre estudos da EASD Ramón Falcón-institución destino:_____	3 puntos
- Correspondencia entre especialidade profesorado solicitante-institución destino:	3 pts
- Solicitudes persoais:_____	1 punto
II. MOBILIDADES DE PROFESORADO PARA FORMACIÓN/FIRMA DE CONVENIOS:	
- Correspondencia entre os estudos da EASD Ramón Falcón-institución/empresa:_____	3 puntos
- Correspondencia entre especialidade profesorado solicitante-institución/empresa:	3 pts
- Solicitude persoais:_____	1 punto

O profesorado solicitante deberá enviar a solicitude (Anexo I) por correo electrónico ao enderezo erasmus@escoladeartelugo.com.

MODALIDADE 2. - MOBILIDADES A TRAVÉS DO CONSORCIO CARTES (Para o curso 2024-25)

Dende o consorcio CARTES convocan **duas (2) mobilidades** de profesorado para as rexións de Balcanes (Kosovo) e Viciñanza Oriental (Moldova). O profesorado interesado en realizar estas movilidades deberá enviar a solicitude CANTO ANTES ao correo electrónico erasmus@escoladeartelugo.com.

Selección de participantes para as mobilidades Erasmus do Consorcio CARTES:

Dende o consorcio envían os seguintes criterios de selección para o profesorado que desexe realizar as mobilidades a Kosovo e Moldova:

- * **Anos de traballo** no centro: ata 20 puntos.
- * Coñecemento da **lingua** de traballo da mobilidade: ata 20 puntos.
- * **Experiencia en proxectos de mobilidade internacional**: ata 20 puntos.
- * **Coñecemento do programa ERASMUS e/ou colaboración** nos proxectos de mobilidade de estudantes: ata 20 puntos.
- * **Outros criterios** de libre decisión por parte do centro en función das características da mobilidade e sempre de carácter obxectivo (relación da especialidade do docente coas da institución de destino, proxecto de colaboración, etc...): ata 10 puntos.
- * Beneficiario con alguna **discapacidade**: ata 10 puntos.